




O PEIXE VOADOR

Estamos agora cun brinquedo de papel, moi moi simple.



Para o facermos precisamos a lapela sobrante de facer un cadrado de papel.



Dobrámosla ao longo e cortamos as dúas metades. E cada unha destas, dobrámola tamén ao longo. Teremos así catro fitas para facermos un xarabal de peixes.

Collemos unha das fitas e facémoslle dous cortes transversais da metade do largo (non do longo), a uns 2 cm do extremos, como se indica na figura.



A graza deste enredo está e lanzalo contra o teito e observar como descende dando xiros completos derredor do seu eixo lonxitudinal.

Inserimos o papel por ambos cortes, facendo esta sorte de lazo, que para nós é figura dun peixe.